



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 8 DE MARZO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E  
TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na AC-415 Coruña-Sabón, treito: Travesía de Meicende e Pastoriza.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de adaptación da estrada LU-703 Barbeitos (LU-701)-límite provincia de Asturias ao plan de baixa IMD.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da vía de alta capacidade Carballo-Fisterra, treito VG-1.4. Cee-Sardiñeiro.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006 de educación.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Xosé Anxo Carreira Montes como delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en Lugo.
- Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en Lugo a Cosme Eladio Pombo Rodríguez.

## ACORDOS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar para o desenvolvemento de actuacións no marco do II Plan galego de inclusión social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Marín para a creación dunha escola infantil municipal 0-3 integrada na Rede Galega de Escolas Infantís 0-3 (galescolas)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello do Porriño para a creación dunha escola infantil municipal 0-3 integrada na Rede Galega de Escolas Infantís 0-3 (galescolas)

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) a incrementar o límite da liña de financiamento específica para as pemes galegas produtoras de uva na Comunidade Autónoma de Galicia, a modificación das anualidades previstas e consecuentemente a súa chegada ao convenio de colaboración asinado entre o Igape e as entidades financeiras para a rehabilitación da mesma.
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) a conceder unha subvención superior a tres millóns de euros ao proxecto de investimento a realizar pola sociedade Biodiesel Coruña, S.L., ao abeiro da Resolución do 11 de marzo de 2005 pola que se aproba a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas do Igape a proxectos empresariais de investimento.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación centralizada da reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastorno mental persistente nos dispositivos complementarios de rehabilitación mediante procedemento aberto, forma de adxudicación por concurso e tramitación urxente

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Coruña, para a realización do Plan de Recuperación da Ría do Burgo durante o ano 2007.

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Rúa, para a execución das obras de saneamento nas bacías fronteirizas. Abastecemento e saneamento na rúa Doutor Vila. A Rúa (Ourense), por importe de 200.000 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Carballiño e se autoriza a aprobación do gasto para a execución das obras: actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Colector xeral e estación depuradora de augas residuais do Carrás. O Carballiño (Ourense), por importe de 6.400.000 euros.
- Acordo polo que se aproba o informe relativo ao Programa de redución da contaminación das augas para a cría de moluscos na ría de Vigo.

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Traballo a desenvolver a orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego no ano 2007, anticipos superiores ao 10% e compromisos de carácter plurianual.

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o instituto Galego de Vivenda e Solo, o Parque Tecnolóxico de Galicia e o Concello de san Cibrao das Viñas e Xestión Urbanística de Ourense, S.A. para a ampliación do parque tecnolóxico de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Vivenda e Solo para asinar convenios con diferentes concellos relativos a actuacións nas áreas de rehabilitación



## MOCIÓNS E PROPOSTAS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración Institucional da Xunta de Galicia con motivo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da obra de emerxencia de reparación de estrutura de contención para garantir a continuidade do saneamento do núcleo de Laxe (A Coruña), por importe de cento dezasete mil cincocentos trinta e sete euros con oitenta e sete céntimos (117.537,87 €)

## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O 8 de marzo segue a ser un día importante na vida das mulleres galegas porque permite reflexionar sobre os avances conseguidos e mirar cara ao camiño que fica por percorrer.

Por este motivo a Xunta de Galicia, de xeito transversal, a través dos distintos departamentos, está a desenvolver diversas campañas, como a denominada Queremos coñecernos, que ten por finalidade a de recoñecer o labor das mulleres que nos precederon e que, en moitas ocasións se esforzaron por saír dun camiño que tiñan trazado de antemán ou que desenvolveron o seu traballo cotián amosando unha profesionalidade singular.

Así mesmo, e para seguir avanzando nesta igualdade, temos que camiñar cara ao futuro, traballando, no presente, noutro dos grandes eidos de preocupación do Goberno galego, o laboral, as condicións laborais das mulleres galegas, preocupación que se reflicte claramente no Acordo polo emprego, asinado o pasado 5 de febreiro, froito do ambicioso proceso de concertación social que se veu desenvolvendo desde novembro de 2005, entre a Xunta e os axentes sociais, no que se inclúe un amplo abano de medidas para un novo marco de relacións laborais en Galicia na busca dun mercado de traballo galego máis competitivo, máis produtivo, máis estable e seguro e, o que é fundamental, menos discriminatorio para as mulleres galegas.

Por outra banda, entre outras moitas medidas, como poden ser, o Plan de fomento da corresponsabilidade, o Plan de saúde integral das mulleres, a ampliación da rede de información ás mulleres ou a creación da Unidade de Muller e Ciencia, cómpre salientar a nova Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, que xa se está a tramitar no Parlamento; o anteproxecto de lei para a prevención e tratamento da violencia de xénero e a elaboración do V Plan do Goberno galego de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2007-2010, plan que representa o compromiso de todos os departamentos do Goberno galego coa perspectiva de xénero e a estratexia de mainstreaming, poñendo en valor os temas que afectan as necesidades básicas e os intereses estratéxicos das mulleres galegas dun xeito transversal nas políticas da Xunta de Galicia.



Temos que seguir a traballar, porque, a pesar dos avances na presenza das mulleres na maioría dos sectores da sociedade galega nas últimas décadas, segue a darse un déficit de participación activa nesta sociedade e nas institucións na que esta se organiza.

A idea da igualdade foi un dos principios políticos que serviron de base para articular as sociedades modernas e chegará un día no que ese principio sexa efectivo e, polo tanto, as mulleres, a sociedade en definitiva, non precise da tutela dos poderes públicos pero, mentres chega a ese ansiado día, o Goberno galego, este 8 de marzo, renova o seu compromiso de seguir traballando, xunto con toda a sociedade galega, para acadar ese fin.

## A XUNTA DECLARA A URXENTE OCUPACIÓN DE BENS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA ESTRADA AC-415 A CORUÑA-SABÓN

- A obra ten un orzamento de 2,4 millóns de euros e supón a creación de 7 glorietas e 11 interseccións coas que se pretenden encauzar todos os xiros posibles

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada AC-415 A Coruña-Sabón. Esta actuación, cun orzamento de 2,4 millóns de euros, acometerase na travesía de Meicende e Pastoriza, entre os puntos quilométricos 1,600 e 5,100, nos que se atopa un Treito de Concentración de Accidentes (TCA).

A reforma desta travesía pretende reducir o número de accidentes que se están a rexistrar na zona debido á cantidade de rúas e de camiños transversais que se incorporan á AC-415 sen estar o tráfico debidamente encauzado. Por iso, o proxecto contempla a creación de 7 glorietas e 11 interseccións coas que se pretenden canalizar todos os xiros posibles, así como reducir a velocidade de circulación, para mellorar a seguridade viaria nesta zona industrial que rexistra unha gran densidade de tráfico.

## **A XUNTA DECLARA A URXENTE OCUPACIÓN DE BENS PARA A MELLORA DA ESTRADA LU-703, QUE FORMA PARTE DO "Y" DA FONSAGRADA**

- A CPTOPT inviste 3,3 millóns de euros nesta vía que se dirixe á localidade asturiana de Santa Eulalia de Oscos e que se complementa coa reforma da LU-701 que conecta con Grandas de Salime, tamén no Principado

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da estrada LU-703 que conecta Barbeitos, no Concello da Fonsagrada, co límite provincial con Asturias, onde a estrada, xa titularidade do Principado, continúa ata Santa Eulalia de Oscos. Esta estrada parte da LU-701, que conecta A Fonsagrada coa localidade asturiana de Grandas de Salime. Entre ambas as estradas, LU-701 e LU-703, conforman o eixe viario coñecido como "Y" da Fonsagrada que comunica esta poboación luguesa con Asturias.

En concreto, na LU-703 para a que agora se decreta a utilidade pública, a CPTOPT investirá 3,3 millóns de euros nunha actuación que supón a mellora de preto de 9 quilómetros dunha estrada de baixa intensidade de tráfico que discorre por un terreo accidentado. Así, a vía será ampliada ata acadar dous carrís de 3 metros e dúas beiravías de medio metro.

No marco do proxecto de mellora do "Y" da Fonsagrada, a CPTOPT tamén acomete a reforma da LU-701, cuxo proxecto de trazado ven de ser redactado e está sendo supervisado pola Dirección Xeral de Obras Públicas.

Pola súa banda, o Principado de Asturias prolongará no seu territorio a mellora destas estradas a partir do límite provincial e ata as poboacións de Santa Eulalia de Oscos, no caso da LU-703, e Grandas de Salime, na LU-701. Así, Xunta e Principado definen un corredor preferente de relación interior, compromiso acadado no VII Cumio Galicia-Asturias de 2006.



## DECLARADA A UTILIZADE PÚBLICA E URXENTE OCUPACIÓN DE TERREOS DA VARIANTE DE SARDIÑEIRO, DO CORREDOR DA COSTA DA MORTE

- Este acordo do Consello da Xunta abre a vía para iniciar o proceso expropiatorio das 317 predios afectados

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do Corredor da Costa da Morte no treito entre Cee e Sardiñeiro, coñecido como a Variante de Sardiñeiro.

Con este acordo do Consello da Xunta, ábrese a vía para iniciar o proceso expropiatorio deste treito de 5,9 quilómetros que discorren polos termos municipais de Cee e Fisterra, concretamente ao pé da ladeira dos montes de Toba, Guimaeu e Mato.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes dispón dun orzamento total de preto de 13 millóns de euros para a construción desta Variante, dos cales case que 2,3 millóns se destinan ao pagamento dos 317 predios afectados polo proxecto.

Este treito de nova construción arranca dunha glorieta na AC-552, atravesa o futuro parque empresarial de Cee e remata na enseada de Sardiñeiro, ao leste do núcleo urbano cunha glorieta sobre a estrada AC-445.

A Variante de Sardiñeiro contará cunha plataforma de 10 metros integrada por dous carrís de 3,5 metros de ancho e dúas beiravías de 1,5 metros. Así mesmo, o proxecto construtivo prevé algo máis de 4,5 quilómetros de carrís adicionais para vehículos lentos.



## AS DIRECCIÓNS DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS SERÁN SELECCIONADAS POR UNHA COMISIÓN CREADA EN CADA CENTRO

- Os aspirantes terán que presentar un proxecto de dirección que inclúa os obxectivos, as liñas de actuación e a súa avaliación
- As direccións estarán viventes por un periodo de catro anos e terá prioridade o profesorado con destino definitivo

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o procedemento de selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta norma será de aplicación a todo o persoal docente funcionario ao servizo da Comunidade galega dependente da Administración educativa autonómica que imparte estas ensinanzas.

A normativa aprobada hoxe recolle como principais novidades o nomeamento da directiva por un periodo de catro anos, no canto de tres como era antes; terá preferencia o profesorado con destino definitivo no centro; haberá unha comisión seleccionadora por cada centro, no canto de ser unha única para todos os centros. Outra novidade é que nesta comisión a Administración só estará representada por un inspector, perdendo a maioría que tiña na normativa anterior.

Segundo este decreto, a selección e nomeamento das direccións dos centros docentes públicos efectuarase mediante concurso de méritos entre profesoras e profesores que sexan funcionarios de carreira e que impartan algunha das ensinanzas encomendadas ao centro. Ademais, esta norma recolle que a selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade. Este decreto tamén establece que o nomeamento da dirección dos centros integrados de formación profesional axustarase ao establecido no artigo 11.5 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Para participar no concurso de méritos para ser nomeada directora ou director, as candidaturas deberán reunir os seguintes requisitos: ser funcionario ou funcionaria de carreira dun corpo docente aos que se refire a LOE; estar en situación de servizo activo; ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como funcionaria ou funcionario de carreira na función pública docente; e ter impartido docencia directa como funcionaria ou funcionario de carreira, durante un período de polo menos cinco anos, nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro ao que se opta.

Os aspirantes teñen que estar prestando servizos nun centro educativo público dependente da Consellería de Educación nalgunha das ensinanzas das que se ofrecen



no centro ao que se opta, cunha antigüidade de polo menos un curso completo ao publicarse a convocatoria; e presentar un proxecto de dirección que inclúa, entre outros, os obxectivos, as liñas de actuación e a súa avaliación.

O concurso de méritos para o nomeamento da dirección de centros docentes públicos será convocado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria cada ano, especificando os centros nos que está ou vai quedar vacante a dirección. En cada centro educativo constituirase unha comisión de selección, nomeada polo delegado provincial da Administración educativa autonómica, que se encargará de comprobar que os aspirantes reúnen os requisitos establecidos na correspondente convocatoria de méritos; valorar os méritos académicos e profesionais de cada aspirante; así como os proxectos de dirección; establecer a puntuación final obtida polos aspirantes e seleccionar ao candidato que proporán para o seu nomeamento como directora ou director; e a resolución das reclamacións presentadas polos aspirantes en relación co concurso de méritos.

Deste xeito, a selección da dirección do centro docente será realizada pola comisión considerando, primeiro, as candidaturas do profesorado do centro, que terán preferencia. En ausencia de candidaturas do centro ou cando estas non fosen seleccionadas, a comisión valorará as candidaturas do profesorado doutros centros.

#### Programa de formación inicial

Segundo recolle o decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta, os aspirantes á dirección seleccionados deberán superar un programa de formación inicial, organizado pola Consellería de Educación e ordenación Universitaria. Este programa consistirá nun curso teórico e na realización de supostos prácticos. Así, o curso teórico deberá ter unha duración mínima de cen horas e incorporar no seu programa contidos sobre sistemas de xestión de calidade dos centros educativos, planificación e organización das actividades escolares, a organización e xestión dos recursos humanos, procedementos de xestión administrativa e orzamentaria, formación para a convivencia, igualdade de xénero, mediación e resolución pacífica de conflitos, normativa en materia de centros, da lingua galega, alumnado e profesorado, e demais contidos atribuídos á función directiva.

Tal e como recolle este decreto, o exercicio de cargos directivos, e en especial do cargo de directora ou director, será retribuído de forma diferenciada, en consideración á responsabilidade e dedicación exixida, de acordo coas contías que para os complementos establecidos para o efecto fixe a Administración educativa galega. Ao mesmo tempo, este exercicio será especialmente valorado para os efectos de provisión de postos de traballo na función pública docente.



As direccións serán avaliadas ao final do seu mandato, e os que obteñan avaliación positiva recibirán un recoñecemento persoal e profesional nos termos que estableza a Consellería de Educación. Ademais, as direccións dos centros públicos que exercen o seu cargo con valoración positiva, manterán cando cesen e mentres permanezan en situación de servizo activo a percepción dunha parte do complemento retributivo correspondente á dirección. O decreto aprobado hoxe recolle que estes dereitos económicos e administrativos tamén serán de aplicación aos directores dos centros de formación e recursos.



## COSME ELADIO POMBO, NOMEADO DELEGADO PROVINCIAL EN LUGO DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao nomeamento de Eladio Pombo como novo delegado provincial en Lugo da Consellería de Vivenda. Nacido en Ourense en 1956, Eladio Pombo Rodríguez é mestre de educación primaria. Actualmente, ocupaba a xefatura de estudos no C.E.I.P Frei Luis de Granada no Concello de Sarria.

Foi concelleiro do grupo municipal do BNG no Concello de Corcubión entre 1983 e 1985, portavoz do grupo municipal no Concello do Incio desde 1991, cargo que desempeñaba na actualidade.

Tamén exerceu como deputado provincial entre 1995 e 2003 na Deputación de Lugo

## A XUNTA INVISTE 2,3 MILLÓNS DE EUROS PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA REDE DE EQUIPOS DE INCLUSIÓN SOCIAL QUE DARÁN COBERTURA AO RURAL GALEGO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Administración autonómica e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que colaborarán así na execución do II Plan Galego de Inclusión Social
- Estes equipos teñen por finalidade a promoción da inserción social e laboral destes colectivos en situación de grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción, dende unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento dunha rede coordinada de 11 equipos de inclusión sociolaboral, así como de accións complementarias de formación, sensibilización social e acompañamento para a inserción de persoas e colectivos vulnerables no eido da inclusión social. O departamento autonómico investirá un total de 2,3 millóns de euros nesta esta actuación, financiados nun 80% polo Fondo Social Europeo.

Esta colaboración enmárcase dentro do II Plan Galego de Inclusión Social e pretende asegurar a cobertura territorial das accións deste plan nas áreas rurais de Galicia. Con este fin de posibilitar un amplo despregamento comarcalizado, resulta necesario establecer unha rede de equipos por demarcacións que traballen de maneira efectiva e coordinada baixo unha supervisión única, como xa se ten feito para dar cobertura ás áreas urbanas mediante os correspondentes convenios con concellos ou agrupacións de concellos. Neste senso, os 11 novos equipos súmanse aos 7 que xa funcionan con financiamento da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar nas sete grandes cidades galegas.

### 11 equipos

En virtude do convenio autorizado hoxe, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar procederá á contratación do persoal para a implantación de equipos de inclusión social nun total de 11 demarcacións. Delas, 3 estarán na provincia da Coruña (Demarcación 1 Ferrolterra-Ortegal-Eume, Demarcación 2 Bergantiños-Soneira-Fisterra e Demarcación 3 Centro-Sur); 2 na de Lugo (demarcacións Norte e Sur); 2 na de Ourense (demarcacións leste e oeste), e 4 na de Pontevedra (Demarcación 1 Val Miñor-Baixo Miño, Demarcación 2 Área Metropolitana de Vigo,

Demarcación 3 Arousa-Tabeirós Montes-Deza, Demarcación 4 Pontevedra-A Paradanta-O Condado).

Os novos equipos que se porán en marcha traballarán no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, deseñado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar dende unha formulación estratéxica que pretende dar respostas globais e integradas que atendan ás necesidades dos grupos e das persoas con maiores desvantaxes sociais. Estes equipos teñen por finalidade a promoción da inserción social e laboral destes colectivos en situación de grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción, dende unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.

Os itinerarios individualizados de inserción sociolaboral serán deseñados e programados polos propios equipos coa participación activa das persoas destinatarias, adecuándose ás características persoais, sociais e profesionais das mesmas. En todo caso, eses itinerarios sempre se establecerán para actuar sobre todas as carencias das persoas beneficiarias, incluíndo un conxunto de servizos, prestacións e accións de orientación, formación e emprego, así como actividades de desenvolvemento persoal e de adquisición de habilidades sociais cando as circunstancias o requiran.

#### Formación

O convenio autorizado hoxe no Consello da Xunta tamén prevé a realización por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de actuacións de formación, mellora da empregabilidade e acompañamento social que posibiliten e reforcen os itinerarios personalizados de inclusión. Asemade, estipula o desenvolvemento polo Consorcio de actuacións de sensibilización social sobre a problemática da exclusión e de especialización profesional do persoal implicado no desenvolvemento do II Plan Galego de Inclusión Social.

## A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVESTIRÁ MÁIS DE 500.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS DO PORRIÑO E MARÍN

- O Consello da Xunta autorizou hoxe sendos convenios cos dous concellos pontevedreses para a construción das escolas infantís 0-3 nestes municipios

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura de dous convenios de colaboración para a construción das escolas infantís de 0 a 3 anos nos concellos do Porriño e Marín nos que tamén se fixan as bases para o mantemento destes servizos. Os dous centros, aos que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina un total de 546.000 euros, integraranse na rede Galescola, e pasarán a xestionarse dentro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As obras de construción da Galescola do Porriño teñen un orzamento inicial de 487.000 euros e implican a construción dun centro con catro unidades na rúa Fernández Areal da localidade pontevedresa. Para este proxecto e para a urbanización do contorno, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar vai achegar un total de 384.469 euros. Pola súa parte, o Concello do Porriño destinará a estas obras 96.117 euros, asumindo tamén a obriga de pór á disposición o solo necesario de titularidade municipal coa adecuada cualificación urbanística aos usos previstos.

O convenio que asinarán a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Marín regula a colaboración das dúas institucións para a construción dunha escola infantil 0-3 no barrio de San Pedro - San Xián, un proxecto orzamentado en 201.000 euros. A estas obras, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar contribuirá cunha achega económica de 161.142 euros, e o Concello 40.285, que contemplan o financiamento do proxecto, as obras e a urbanización do contorno perimetral do centro. O Concello de Marín porá tamén á disposición o solo necesario.

Tanto a escola do Porriño como a de Marín forman parte da Rede Galescola que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia. Unha vez creados, e en virtude dos convenios asinados, os centros pasarán a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do que se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento destes servizos, correspondéndolle un mínimo do 30% aos concellos e outro tanto aos usuarios.



## A XUNTA APOIA CON 3,7 MILLÓNS DE EUROS UNHA NOVA PLANTA DE PRODUCCIÓN DE BIODIÉSEL EN GALICIA

- O proxecto, impulsado por Acciona Biocombustibles e que se instalará no Concello de Arteixo, contempla un investimento de 45 millóns de euros e permitirá para crear un mínimo de 35 empregos indefinidos
- O Consello da Xunta tamén autoriza a ampliación da liña de financiamento específica para as pemes galegas produtoras de uva

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para conceder unha subvención por importe de 3,7 millóns de euros para apoiar o investimento impulsado por Acciona Biocombustibles para a implantación dunha nova planta de produción de biodiésel a partir de aceites vexetais que se instalará no concello de Arteixo (A Coruña). O proxecto presentado no Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda contempla un investimento proxectado de 45 millóns de euros e un investimento subvencionable de 37,7 millóns. A nova planta situarase a carón da refinaría de Repsol YPF, que será un dos clientes principais e podería formar parte do accionariado da sociedade. Este novo investimento prevé a creación dun mínimo de 35 empregos indefinidos.

A realización do proxecto de Biodiésel Coruña, S.L. representa a creación da terceira planta de maior capacidade de produción de biodiesel na Comunidade Autónoma, cunha capacidade próxima ás 200.000 toneladas anuais. Supón, ademais, unha nova posibilidade de potenciar a actividade de produción de biocombustibles. Cómpre lembrar que entre os obxectivos fixados pola Unión Europea para reducir a dependencia enerxética do petróleo e para diminuír as emisións de gases efecto invernadoiro, figura o impulso á fabricación e utilización de biocarburantes.

### Outros proxectos

No sector de biocombustibles Galicia conta actualmente cunha planta de produción de bioetanol no concello de Curtis (A Coruña), propiedade do grupo Abengoa. Sen contar o de Biodiésel Coruña, están en diferentes fases de execución outros cinco proxectos que prevén crear un cento de empregos novos. O Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda aprobou nos últimos meses o seu apoio aos proxectos de Entabán Biocombustibles (Ferrol), Infinita Renovables (Salvaterra), Tecnoambiente Galicia (Cerdeira, A Coruña), Ariasa Bioenergía (Ordes, A Coruña) e Biocarburantes de Galicia (Begonte, Lugo).

### Financiamento para pemes produtoras de uva

O consello da Xunta tamén acordou autorizar ao Igape para incrementar o límite máximo da liña específica habilitada o ano pasado para facilitar o financiamento para

as pemes galegas produtoras de uva. O convenio subscrito polo Igape coas entidades financeiras colaboradoras establece unha liña de financiamento con un límite global máximo de 9 millóns de euros. O acordo do consello da Xunta autoriza o Instituto para incrementar esa contía en 11 millóns de €, quedando establecido o límite de financiamento en 20 millóns. A ampliación quere dar resposta á existencia de solicitudes e ás previsións de demanda para o exercicio 2007.

O obxectivo desta liña é facilitar o financiamento das canles de distribución da uva cara aos mercados das adegas e demais industrias, evitando aos produtores soportar cargas financeiras que poderían deteriorar a súa economía, e achegándolles maior seguridade xurídica. Esta liña permitiu a posta en marcha dun mecanismo que facilita ás pemes produtoras de uva, directamente ou a través das súas asociacións, o financiamento da venda das súas producións mediante o desconto bancario de letras de cambio aceptadas e pagarés á orde asinados polos seus clientes para o pagamento de facturas emitidas. O Igape compensa ás entidades financeiras colaboradoras polos custes financeiros e de xestión que se deriven destas operacións.



## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE RESERVARÁ CASE MIL PRAZAS PARA ENFERMOS CON TRASTORNO MENTAL EN UNIDADES RESIDENCIAIS, PISOS PROTEXIDOS E CENTROS DE REHABILITACIÓN

- O orzamento destinado a este fin ascende a 11.177.100 euros para os vindeiros tres anos, o que supón un incremento real do 19,2% do orzamento destinado a estes recursos
- A licitación do presente concurso distribuirá un total de 988 prazas, 79 prazas máis que o ano pasado

O consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe ao Servizo Galego de Saúde a realizar a contratación centralizada da reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastorno mental persistente nos dispositivos de apoio comunitario. O orzamento destinado a este fin ascende a 11.177.100 euros para os vindeiros tres anos, o que supón un incremento real do 19,2% do orzamento destinado a estes recursos no 2007 con respecto ao exercicio anterior.

Os dispositivos previstos para a asistencia sanitaria ás persoas con trastornos mentais persistentes está prevista no Decreto 389/1994 de Saúde Mental en Galicia en varios tipos de centros: os de rehabilitación psicosocial e laboral; en pisos protexidos, vivendas de transición, ou unidades residenciais.

Estes dispositivos supoñen unha forte aposta do Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade cara ao apoio familiar, unha importante mellora na calidade asistencial respecto aos pacientes de acordo coas orientacións máis actuais en saúde mental, e un aumento notable na efectividade, eficiencia e calidade da rede asistencial de saúde mental do Servizo Galego de Saúde.

Os Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral oriéntase á busca da integración comunitaria, e a rehabilitación integral extrahospitalaria a través de programas de adestramento en habilidades psicosociais e relacionais, de programas de autoxestión e mellora de autonomía persoal en actividades básicas para o desenvolvemento autónomo da vida diaria.

Así mesmo, realizan programas de actividades ocupacionais e rutinas prelaborais, así como de ocio para enriquecer a xestión do tempo libre, e actividades dirixidas ao mantemento e mellora do estado físico.

Estes programas realízanse en horarios de mañá e tarde. Os pacientes que están integrados neles seguen aloxados nos seus domicilios persoais ou familiares ou, de ser preciso, alternativamente en pisos protexidos ou unidades residenciais dispoñibles

na comunidade. Os pacientes que acoden aos ditos programas seguen a recibir atención especializada que precisan na rede asistencial de saúde mental, a través, preferentemente, das unidades de saúde mental de adultos.

Os pisos protexidos e vivendas de transición son fórmulas de aloxamento alternativo previstas para aqueles doentes con trastorno mental persistente con autonomía de conduta pero sen posibilidade de convivencia familiar, e que requiren de axuda psicosocial para o seu desenvolvemento. Os pisos protexidos e vivendas de transición poden ser de catro ou cinco prazas.

As unidades residencias están destinadas a pacientes que presentan carencias de autonomía e maior dependencia, precisando coidados residenciais continuados ademais dos correspondentes programas psicosociais, adaptados ás súas necesidades. Así mesmo, como os pacientes residentes en pisos protexidos, seguen a recibir as atencións sanitarias de atención primaria, especializada e de saúde mental que precisen a través da rede asistencial do Servizo Galego de Saúde.

O custo anual por praza nos distintos dispositivos é de 2.800 euros no caso do centro de rehabilitación psicosocial e laboral, 4.000 euros no piso protexido e vivenda de transición de cinco prazas e 4.500 euros no de catro prazas; e 14.500 euros se se trata dunha unidade residencial.

A licitación do presente concurso distribuirá un total de 988 prazas, o que supón un incremento de 79 prazas con respecto ao ano pasado. En concreto, os próximos tres anos contarase con 774 prazas en centro de rehabilitación psicosocial e laboral fronte as 724 que había no 2006; 148 prazas en pisos protexidos fronte ás 141 do 2006; e 66 prazas en unidades residenciais fronte as 44. A distribución de praza por provincia para o 2007, é a seguinte:

PROVINCIA	PAZAS EN CENTROS DE REHABILITACIÓN	PAZAS PISO PROTEXIDO	PAZAS UNIDADE RESIDENCIAL
A CORUÑA	305	70	20
LUGO	120	25	
OURENSE	80		24
PONTEVEDRA	269	53	12
TOTAL	774	148	66

No horizonte do Plan Extratécnico de Saúde Mental 2006-2011, prevese un incremento das prazas de diferentes tipoloxías.



## PESCA INVESTIRÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NO PLAN DE RECUPERACIÓN DA RÍA DO BURGO

- A través do Plan os mariscadores desenvolverán tarefas de rexeneración, vixilancia e actividades de formación
- A Consellería de Pesca realizará, xunto coa confraría, un seguimento das accións que se inclúen dentro deste documento

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e a Confraría de Pescadores da Coruña, para establecer as condicións de cooperación entre ambas as partes para a posta en marcha do Plan de Recuperación da Ría do Burgo durante o ano 2007. O departamento investirá neste plan un total de 1.151.462,40 euros, que se imputarán con cargo aos orzamentos xerais de 2007 e que serán cofinanciados co Fondo Europeo de Pesca (FEP). Este documento estará vixente ata finais de 2007 aínda que poderá ser prorrogable.

Dende hai meses, o departamento de Pesca estivo a traballar man a man cos mariscadores coruñeses na busca dun plan de recuperación necesario para a ría do Burgo debido á situación que se atopa, derivada principalmente da forte presión do furtivismo na zona. Dada esta circunstancia, a Consellería de Pesca e os traballadores afectados consideraron necesario acometer un plan de medidas para a recuperación produtiva desta ría, no que debían implicarse activamente os profesionais do sector e a entidade que os representa, tanto na fase de programación e planificación como na de execución material.

Deste xeito, naceu o Plan de Recuperación da Ría do Burgo cuxos obxectivos son mellorar as condicións dos bancos marisqueiros para que aumente a súa produtividade e calidade, incrementar os mecanismos de control de acceso ao recurso e mellorar as capacidades profesionais dos mariscadores para acadar un sistema de autoxestión marisqueira sostible. Para a consecución destes propósitos os traballadores deben realizar labores de acondicionamento e rexeneración dos bancos, actividades de vixilancia e accións formativas.

Neste convenio de colaboración, ao que hoxe lle deu o visto e praxe o Consello da Xunta de Galicia, a confraría de pescadores ten como obrigas a programación e o control dos traballos que van realizar os mariscadores participantes. Pola súa banda, a Consellería deberá achegar a estes traballadores a contía establecida no plan (unha vez se vaian realizando os traballos e se dispoña da documentación requirida), destinar os medios persoais e materiais propios que lle soliciten e realizar un seguimento conxunto coa confraría das accións que se están a desenvolver na ría.

O Plan de Recuperación

O Plan para recuperar a Ría do Burgo establece os seguintes traballos:

- O acondicionamento e rexeneración dos bancos marisqueiros: limpeza de mexillón e restos antropóxicos, o acondicionamento do substrato no banco do Carniceiro, achega de area ás balsas do parque e accións de semicultivo e, finalmente, o rebaixe da cota de area naqueles bancos do intermareal que se foron quedando improditivos nos últimos anos.
- A vixilancia: os mariscadores traballarán neste eido durante as baixamares o que, unido ao traballo de inspección pesqueira do Servizo de Gardacostas e á presenza das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, contribuirá de forma importante a disuadir os furtivos.
- Actividades de formación: prevese a organización de cursos de formación adaptados ás demandas dos interesados e que se realizarán durante todo o ano.

No desenvolvemento do plan contéplase a participación activa dos titulares de permisos de explotación para marisqueo a pé asociados á Confraría da Coruña de xeito voluntario e nun número máximo de 102 mariscadores. Deste xeito, contando coa participación da totalidade deste colectivo, estableceranse tres grupos de traballo que se irán rotando nas actividades a realizar, de forma que todos poidan desenvolver a totalidade das accións o mesmo número de días.

Ademais, establécese que os profesionais do mar desenvolvan un máximo de 10 días de actividade ao mes, en quendas de catro horas (dúas horas antes e dúas despois da baixamar), traballo polo que percibirán un salario de 82 euros por día traballado e por mariscador. Pola súa banda, a confraría percibirá por parte da Consellería de Pesca un cinco por cento do importe dos traballos de cada mes polo seu labor de coordinación, control e seguimento do plan. Finalmente, Pesca farase cargo dos gastos derivados da recollida, transporte e procesado dos residuos que xeren os traballos de acondicionamento e rexeneración dos bancos.

## MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 6,4 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DO CARBALLIÑO E 200.000 EUROS EN OBRAS DE SANEAMENTO NA RÚA (OURENSE)

- O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnico financeira entre a Consellería e ambos os concellos para acometer as obras
- O prazo de execución da depuradora do Carballiño é de 42 meses e o financiamento distribuirase en catro anualidades entre o presente ano e o 2010
- A nova depuradora está deseñada para unha poboación equivalente de 11.950 habitantes e recollerá as augas residuais procedentes do núcleo urbano, zonas rurais próximas ao río, o parque empresarial e o polígono industrial

A Consellería de Medio Ambiente investirá 6.400.000 euros na construción do colector xeral e estación depuradora de augas residuais (EDAR) do río Carrás, no concello ourensán do Carballiño, e 200.000 euros en obras de saneamento e abastecemento no municipio da Rúa. O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a administración autonómica e ambos concellos para acometer estes proxectos.

Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), financiará na súa totalidade a nova EDAR do municipio do Carballiño. O investimento distribuirase en catro anualidades, con un importe de 515.000 euros en 2007, 3.090.000 euros en 2008, 2.610.000 euros en 2009 e 185.000 euros en 2010.

A nova EDAR está deseñada para unha poboación equivalente de 11.950 habitantes, co fin de dar solución aos actuais problemas de saneamento coa recollida das augas residuais procedentes do polígono industrial da Uceira, o parque empresarial e parte do núcleo urbano do Carballiño, xunto aos núcleos rurais da bacía do río Carrás.

O proxecto tamén contempla a construción dun colector xeral de saneamento, que recollerá os vertidos procedentes dos colectores secundarios da rede existente, do parque empresarial e o polígono industrial e do colector que vai ao río Carrás. Así mesmo, construírse un tanque de tormentas cunha capacidade de 200 metros cúbicos, e un colector xeral de pluviais, que recollerá as augas que na actualidade van dende a rede de saneamento ata o río.

O prazo de execución da totalidade da obra é de 42 meses, xa que inclúe seis meses para a redacción do proxecto, 24 meses para a súa execución e 12 meses para a posta a punto e explotación da EDAR unha vez rematada.



### Saneamento na Rúa

A Consellería de Medio Ambiente tamén financiará as obras de mellora nas infraestruturas de saneamento e abastecemento da rúa Doutor Vila, no concello ourensán da Rúa, no tramo comprendido entre as rúas Miguel de Cervantes e Dous de Maio.

O proxecto ten un prazo de execución de tres meses, e incluírá a demolición do pavimento existente e escavación, instalación de infraestruturas de abastecemento e saneamento con novas tuberías e a execución de oito pozos de rexistro. Así mesmo, acometerase a recollida de pluviais, coa instalación de novos tubos e execución de cinco pozos de rexistro e a colocación de oito sumidoiros con conexión á rede de pluviais.





## TRABALLO INVESTIRÁ PRETO DE 9 MILLÓNS DE EUROS NA POSTA EN MARCHA DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO

- As accións subvencionadas e promovidas polo departamento autonómico están dirixidas ás persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a orde pola que se procede á convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. Estas accións, que contan cun orzamento de 9 millóns de euros, deberán desenvolverse antes do 31 de xaneiro de 2008.

Os beneficiarios poderán ser as universidades públicas, as corporacións locais, as confederacións e asociacións empresariais e sindicais de Galicia, e as entidades especializadas en atención a determinados colectivos. Todos eles poderán ser todos os demandantes inscritos no Servizo Público de Emprego (SPE).

Os criterios de avaliación para adxudicar as axudas son acreditar experiencia no desenvolvemento deste tipo de actuacións, desenvolver de forma habitual e ordinaria tarefas de información e orientación profesional e laboral como actividade non lucrativa, así como outras medidas de carácter ocupacional complementarias para que os demandantes logren a súa inserción ou mellora da empregabilidade.

Nesta orde recóllense dous tipos de proxectos subvencionables: o programa de información profesional e o de orientación laboral e busca de emprego. Os centros colaboradores ou o Servizo Público de Emprego levarán a cabo accións, dentro de ambos os programas, coa finalidade de proporcionar información a cada usuario, renovar ou modificar o currículo. Tamén procederán ao tratamento da demanda, é dicir, realizarán unha entrevista individual e personalizada, a comprobación e validez dos datos do usuario e introdución na base de datos do SPE.

Outro dos obxectivos é a captación de ofertas de traballo, polo que se porán en contacto co empregador, recollerán o perfil profesional de vacantes e remitirán a información á oficina de emprego correspondente para a tramitación da devandita oferta de emprego. Tamén poderán desenvolverse accións colectivas dirixidas á adquisición das capacidades básicas que permitirán aos demandantes articular itinerarios activos e eficaces na busca de emprego.

As axudas destinaranse a sufragar os gastos derivados das retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os traballadores que executen as accións de información, orientación e busca de emprego.



## A XUNTA INVESTIRÁ 2,8 MILLÓNS DE EUROS NO 2007 PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA SOBRE UNHA SUPERFICIE TOTAL DE 423.000 METROS CADRADOS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo, Xestur Ourense, o Parque Tecnolóxico de Galicia, e o Concello de San Cibrao para levar a cabo esta actuación
- Tras a ampliación, o parque terá unha superficie total de 973.272 metros cadrados

A Consellería de Vivenda e Solo investirá 2.880.00 euros no 2007 para levar a cabo a ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia ubicado en San Cibrao das Viñas. Esta partida orzamentaria destinarase á adquisición dos terreos da ampliación, que se acometerá sobre unha superficie total de 423.272 metros cadrados, que se acometerá en tres fases, unha 1ª fase de 122.380 m<sup>2</sup>, 2ª fase con 110.043 m<sup>2</sup>, e a 3ª fase con 190.489 metros cadrados.

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo, Xestur Ourense, a empresa pública Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., e o Concello de San Cibrao das Viñas para levar a cabo a ampliación do parque.

A Consellería, a través de Xestur Ourense, levará a cabo a tramitación do Plan Parcial para o desenvolvemento dos terreos como solo industrial de uso tecnolóxico, e encargarse da adquisición do total da superficie da ampliación, para o que dispón dunha partida de 2,8 millóns de euros no 2007.

Como promotor da ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia, Xestur Ourense encargarse da contratación das obras de urbanización e da posterior venda das parcelas resultantes. E, pola súa banda, o Concello de San Cibrao das Viñas asume o compromiso de axilizar a tramitación que lle corresponde como administración competente na aprobación do planeamento urbanístico.

### Características do parque

O Parque Tecnolóxico de Galicia é un parque creado especificamente como espazo para a instalación de empresas e institucións de alto nivel tecnolóxico. Na actualidade ten unha superficie de 550.000 metros cadrados, dos que se destinan a uso industrial e comercial un total de 337.500 m<sup>2</sup> distribuídos en 75 parcelas. Tras esta ampliación, o Parque Tecnolóxico de Galicia terá unha superficie total de 973.272 metros cadrados.

## VIVENDA ADIANTARÁ O PAGO DE OBRAS AOS CONCELLOS CON ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL PARA EVITAR NOVAS DEMORAS NAS ACTUACIÓNS

- O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura de convenios bilaterais entre a Consellería e os concellos
- O departamento autonómico efectuará os pagamentos correspondentes ás partidas comprometidas para actuacións pendentes ao abeiro de convenios antigos

A Consellería de Vivenda e Solo adiantará o pagamento das obras de rehabilitación aos Concellos con Áreas de Rehabilitación Integral (ARI) declaradas para evitar novas demoras na execución das actuacións previstas. A Consellería aboará os pagamentos a cada un dos concellos para subvencionar as obras que se realicen neste ano, co obxectivo de dar saída aos pagamentos das actuacións que na actualidade están pendentes da celebración da Comisión Bilateral, que debe convocar o Ministerio de Vivenda. Para evitar máis demoras, a Consellería de Vivenda e Solo decidiu adiantar aos concellos o pagamento da parte que subvenciona o Departamento Autonómico, á marxe do Ministerio.

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura de convenios bilaterais entre a Consellería de Vivenda e Solo e os concellos, de tal xeito que a Consellería poderá transferir aos concellos as partidas comprometidas polo Departamento Autonómico para o financiamento das ARI.

Nos próximos días a Consellería asinará estes convenios bilaterais que supoñen un investimento de 5.460.193 euros para as ARI dos concellos da Coruña, Betanzos, Ferrol, Muros, Santiago de Compostela, Chantada, Lugo, Mondoñedo, Vilalba, Viveiro, Allariz, Ourense, Cambados, Poio, Cangas, Tui e Vigo.

A Consellería tamén asinará convenios bilaterais nos mesmos termos cos concellos de Corcubión, Neda, Noia, Padrón, Lourenzá, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Celanova, Ourense Seixalbo e Ribadavia, por un importe total de 875.495 euros, que pola súa contía non precisan da aprobación do Consello da Xunta.

Deste xeito, a Consellería de Vivenda e Solo investirá un total de 6.335.688 euros para financiar as obras de rehabilitación con cargo aos orzamentos de 2007, daqueles concellos con actuacións pendentes ao abeiro de convenios antigos.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE REPARARÁ CON CARÁCTER DE EMERXENCIA UN MURO DE CONTENCIÓN DERRUBADO POLO TEMPORAL NO CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

- O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de emerxencia e de inmediata execución desta actuación
- Medio Ambiente destinará 117.537 euros a esta obra, que permitirá garantir a continuidade do saneamento no municipio

A Consellería de Medio Ambiente realizará as obras de reparación dun muro de contención no concello coruñés de Laxe, que se derrubou como consecuencia do temporal sufrido no pasado mes de decembro. O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de emerxencia e inmediata execución desta actuación.

A reparación do muro de contención permitirá a continuidade dos traballos de saneamento no municipio, xa que a derruba se produciu nunha zona na que a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) ten instalado un tubo para a impulsión de augas residuais á estación depuradora.

Medio Ambiente destinará 117.537 euros ás obras de reparación do muro de contención, que se completarán coa reposición da canalización do saneamento afectada. Con esta actuación preténdese dar solución á problemática xerada polo derrube á vez que impedir que a situación se agrave no futuro, dado o estado xa danado das infraestruturas afectadas.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INFORME SOBRE O PROGRAMA PARA REDUCIR A CONTAMINACIÓN NA RÍA DE VIGO, QUE SERÁ REMITIDO A BRUXELAS ANTES DO 15 DE MARZO

- Todas actuacións recollidas no programa supoñen un investimento total de 209.035.258 euros

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible presentou hoxe no Consello da Xunta o informe sobre o Programa de Redución das augas na Ría de Vigo, no que se detallan as actuacións que se van acometer para o saneamento integral da ría de Vigo e a mellora da calidade das súas augas. O plan é a resposta do Goberno galego ás demandas da Comisión de Comunidade Europeas para facer fronte á multa imposta ao Estado Español pola contaminación da Ría de Vigo. Este informe será remitido hoxe mesmo, tras a súa aprobación no consello da Xunta, á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, que a súa vez o enviará ao Ministerio de Asuntos Exteriores para que llo remita á Unión Europea antes do 15 de marzo, data na que finaliza o prazo dado pola UE.

O plan de actuacións elaborado pola consellería persegue dous obxectivos: reducir e prever a contaminación sobre a base da información aportada polos análises daqueles parámetros identificados como problemáticos e identificar as presións derivadas dos focos de emisión. Con tal fin levaranse a cabo dous tipos de medidas:

- De redución da carga microbiolóxica. Os investimentos recollidos neste epígrafe fan referencia ás melloras nas estacións depuradoras de augas residuais (Edar) existentes, principalmente no relativo a sistemas de desinfección.
- De mellora da calidade das augas. Recóllense aquí as actuacións que amplían e melloran as redes de colectores existentes, así como a implantación de novas depuradoras.

Todas actuacións recollidas no programa elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible supoñen un investimento total de 209.035.258 euros.

O Programa de Redución da Contaminación na Ría de Vigo inclúe ademais os plans de seguimento previstos para avaliar as actuacións contempladas no mesmo, así como a avaliación e efectividade das medidas propostas.

Nota: adxúntase resumo do informe

## INFORME SOBRE O PROGRAMA DE REDUCCIÓN DA CONTAMINACIÓN DAS AUGAS PARA A CRÍA DE MOLUSCOS NA RÍA DE VIGO

O pasado 15 de decembro de 2006 a Comisión das Comunidades Europeas enviou unha carta de emprazamento, C(2006)6155, na que se argumenta que o programa de redución presentado mediante escrito do 11 de abril de 2006 (A24-6037.1) co título Informe sobre la contaminación en la Ría de Vigo: evolución, estado actual y plan de acción é incompleto e, ademais, que se trata fundamentalmente dun estudio informativo de saneamento e non dun programa de redución da contaminación.

Dados estes antecedentes, o documento que se presenta en resposta á última carta de emprazamento que leva por título Programa de redución de la contaminación de las aguas para la cría de moluscos en la Ría de Vigo presenta dous obxectivos principais:

1. Solucionar todas as faltas de información sinaladas pola Comisión
2. Dar forma e completar o informe previamente remitido á Comisión para que poida ser interpretado como un verdadeiro programa de redución da contaminación das augas para cría de moluscos.

Para alcanzar o primeiro dos obxectivos recompilouse información detallada de:

- Todas as aglomeracións con incidencia directa e indirecta sobre a Ría de Vigo.
- Sistemas de redes de colectores de augas residuais.
- Estacións de depuración de augas residuais (EDAR).
- Puntos de vertido.

O segundo obxectivo abordouse seguindo o seguinte esquema:

### Normativa de aplicación

Baixo este epígrafe introdúcese a diferente normativa de aplicación existente e avalíase o seu grado de idoneidade para a consecución dos obxectivos da Directiva 79/923/CEE del Consejo, de 30 de outubro de 1979, relativa a la calidad exigida a las aguas para cría de moluscos.

Conclúese que a lexislación vixente non permite o vertido das sustancias máis nocivas do Anexo da D79/923/CEE (reduce drasticamente a súa posible presenza), limita e controla o vertido de sustancias menos nocivas (reducindo a súa presenza), e presenta deficiencias no tocante á contaminación microbiolóxica.

### Diagnóstico da situación actual

Analízase nesta sección a evolución nos últimos anos dos parámetros do Anexo da D 79/923/CEE, identificando os parámetros problemáticos sobre os que procede realizar un programa específico para a redución da contaminación.

O resultado do diagnóstico conclúe que se cumpren os requirimentos establecidos na directiva para todos os parámetros recollidos no Anexo menos no tocante á calidade microbiolóxica dos moluscos, aínda que se observa una mellora na calidade das augas da Ría de Vigo desde o ano 2002 nalgunhas zonas. Aínda así, estimase que se debe realizar un esforzo para acercarse ao valor guía establecido na Directiva.

Por conseguinte, o Programa de redución da contaminación das augas para a cría de moluscos na Ría de Vigo que se presenta neste informe enfócase principalmente á redución da contaminación microbiolóxica.

### Proposta de plan de actuación

O plan de actuación proposto presenta un dobre obxectivo: reducir e previr a contaminación sobre a base da información aportada polos análises de aqueles parámetros identificados como problemáticos, e identificar as presións derivadas dos focos de emisión.

Para reducir a carga de contaminación microbiolóxica nos puntos conflictivos preséntanse as seguintes actuacións:

1. Medidas específicas de redución da carga microbiolóxica. As inversións recollidas neste epígrafe fan referencia ás melloras nas estacións de depuración de augas residuais (EDAR) existentes, principalmente no relativo aos sistemas de desinfección.
2. Medidas específicas de mellora de calidade das augas. Recóllense aquí as actuacións que amplían e melloran as redes de colectores existentes, así como a implantación de novas depuradoras.

### Resumo de inversións

EN TRAMITACIÓN	Reducción de Carga microbiológica	12.151.000 €
	Mejora de calidad de las aguas	189.736.172 €
INCIADAS	Mejora de calidad de las aguas	7.148.086 €
TOTAL		209.035.258 €

### Avaliación da eficacia do programa de redución da contaminación das augas para a cría de moluscos na Ría de Vigo: Modelado

Neste apartado analízase mediante un modelo matemático 3D (para calcular a hidrodinámica e a dispersión da contaminación fecal da Ría de Vigo) como se van reducir os niveis de contaminación fecal, avaliando a efectividade das medidas i estimando os horizontes temporais nos que se van alcanzar os obxectivos.

Á vista dos resultados que verte o modelo pódese afirmar que as actuacións propostas redundan nunha redución eficaz da contaminación microbiolóxica na Ría de Vigo, de forma paulatina á medida que se rematan as diversas actuacións.

### Plan de seguimento

Dentro deste epígrafe expóñense os planes de seguimento que se levarán a cabo na Ría de Vigo co fin de asegurar a adecuación do plan de redución da contaminación aos obxectivos propostos.

1. Rede de control de calidade das augas de INTECMAR: acorde á D79/923/CE.
2. Rede de control de calidade de augas de baño: acorde á D76/160/CEE.
3. Rede de control no ámbito da Directiva Marco da Auga.
4. Plan de acción para o control de vertidos en Galicia.

### Conclusións:

Sobre a base das previsións do modelo, O Programa de redución de la contaminación de las augas para cría de moluscos en la Ría de Vigo proposto para mellorar a calidade da auga conclúe que:

- Os mexillóns cultivados en bateas alcanzarían concentracións de coliformes fecais inferiores á 300 NMP/100g durante o 100% do tempo á finais de 2009.
- Todos os bancos de marisqueo onde se permite a recolección presentarían unha concentración de coliformes inferior á 6000 NMP/100g á finais de 2010
- As concentracións de coliformes na columna de auga presentarían valores inferiores á 100 NMP/100mL durante o 100% do tempo A finais de 2010.